



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: SUSPENSIÓN PROVISIONAL DO CARÁCTER PÚBLICO DAS SESIÓNS PLENARIAS DO CONCELLO DE PONTECESO.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Con data 1 de abril, publícase no Boletín Oficial do Estado, o Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

Entre as medidas adoptadas, destaca a Disposición Final Segunda onde se modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. E é que, como establece a exposición de motivos, a pandemia puxo de manifesto a necesidade de que, ante situacións de crise de tal envergadura, que poidan producirse por causas de forza maior, grave risco colectivo ou catástrofe pública, se poidan adoptar medidas conducentes a garantir o funcionamento democrático e eficaz das Entidades Locais e se permite que as sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais poidan levar a cabo por medios electrónicos e telemáticos, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións.

A nova redacción do artigo 46.3 da LBRL quedaría así:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen válidamente lle substitúa ao efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituír e, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose dos medios necesarios para garantir o carácter público ou segredo das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Aos efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».

Logo de ver o Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARSCoV-2.

Conforme ao artigo 2 de devandito real decreto, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Comunidade Autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo algún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ao amparo do RD 926/2020, do 25 de outubro, pola Consellería de Sanidade dítase a ORDE do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta as medidas de prevención específicas reguladas no Anexo I da ORDE do 4 de novembro de 2020, en concreto no apartado 3.22. que establece:

“Celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares.

Poderanse celebrar congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias e eventos e actos similares promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Con todo, poderase ampliar o límite indicado ata un máximo de cen persoas para lugares pechados e trescentas persoas se se trata de actividades ao aire libre, previa autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, a solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contagios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade polo COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueles outros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

O recolleito neste número será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.”

Logo de ver a ORDEN de 3 de decembro de 2020 por la que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia de la evolución de la situación epidemiológica derivada del COVID-19 en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Logo de ver a ORDEN de 11 de decembro de 2020 por la que se modifica la Orden de 3 de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

diciembre de 2020 por la que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia de la evolución de la situación epidemiológica derivada del COVID-19 en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Logo de ver a resolución 865/2020 do 24 de novembro de suspensión provisional do carácter público das sesións plenarias do Concello de Ponteceso

En aplicación do disposto e demais lexislación vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Suspensión provisional de sesións públicas.

Para preservar tanto a saúde dos traballadores, como á propia Corporación, e a do público asistente, como medida excepcional, as sesións que celebre a Corporación non serán públicas.

Sen perxuízo do anterior, procederase a súa grabación e así garantir a súa publicidade.

SEGUNDO. Efectos.

A presente Resolución producirá efectos desde o momento da súa sinatura e terá vixencia ata o día 31 de decembro de 2020, e poderá ser prorrogada no caso de necesidade, e publicarase na sede electrónica, web municipal e taboleiro de anuncios, e darase conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electrónicamente ao marxe.

O Alcalde

Xose Lois García Carballido

O que informo aos efectos oportunos

A Secretaria

D^a. Antía Pena Dorado